



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 25 DE ABRIL DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00019984M

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. Inadmisión a trámite da solicitude da CIG de revisión de oficio de actuacións administrativas do expediente CON/21/2020 Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías.

Acórdase inadmitir a trámite, por non enmarcarse a causa de nulidade alegada no artigo 47.1 da Lei 39/2015, de 15 de outubro, de procedimientto administrativo común das administracións públicas, a solicitude da CIG de revisión de oficio por causa de nulidade do:

- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS para a licitación do Contrato de Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.
- PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS reguladoras para a prestación do servizo de ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL na rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.
- PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS para a contratación dos SERVIZOS BIBLIOTECARIOS, para a Biblioteca José Saramago do Concello de Santiago de Compostela.
- PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS reguladoras para a prestación do servizo de ATENCIÓN AO PÚBLICO na rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.
- PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS para a contratación de NOVAS TECNOLOXÍAS na rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

3. Desestimación recurso presentado por CLEAR CHANNEL ESPAÑA S.L.U., contra la resolución de adjudicación de la concesión de uso privativo del dominio público de las marquesinas urbanas y MUPIS para su explotación publicitaria a ALPHA PUBLICIDAD EXTERIOR Sociedad Limitada.

Acórdase:

Primeiro.- Desestimar o recurso presentado por CLEAR CHANNEL ESPAÑA S.L.U., contra a resolución de adxudicación da concesión de uso privativo do dominio público das marquesiñas urbanas e MUPIS para a súa explotación publicitaria a ALPHA PUBLICIDADE EXTERIOR SL.

Segundo.- Notificar o presente o acordo á interesada facéndolle saber que esta resolución desestimatoria pon fin á vía administrativa e que contra ela poderá interporse recurso contencioso administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.

4. Ampliación da zona de residentes 3, San Pedro

Acórdase:

- Aprobar a modificación da zona de residentes nº 3, San Pedro, para incluír neste réxime de residentes:
- Os números do 1 ao 43 e do 2 ao 8 da avenida de Rodríguez de Viguri.
- Os números do 191 ao 275 da Avda. de Lugo.
- A ampliación do aparcamento de Altiboia, que ten 30 prazas de 24 horas para residentes da zona 3, San Pedro, con 9 prazas máis, co réxime de horario nocturno de 21:00 a 9:00 horas.
- Delimitar 22 prazas de aparcamento de residentes no carril de servizo, sentido subida, da Avda. de Lugo, entre os cruces da rúa Lóndres e da rúa Berlín, en horario nocturno de 21:00 a 9:00 horas.
- Destinar as 28 prazas de aparcamento en Triacastela a residentes da zona 3, San Pedro, durante 24 horas.
- Modificar o aparcamento da Ameixaga, que na actualidade é en liña para 18 vehículos, a estacionamento en batería para 30 vehículos, para residentes da zona 3, San Pedro, en horario nocturno de 21:00 a 9:00 horas.

5. Aprobación do expediente de tramitación urxente que ten por obxecto a convocatoria pública para a autorización da “Ocupación de vía pública no Parque da Alameda de Santiago de Compostela para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo do ano 2022”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de tramitación urxente que ten por obxecto a convocatoria pública para a autorización da “Ocupación de vía pública no Parque da Alameda de Santiago de Compostela para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo do ano 2022”, establecendo un canon mínimo de 94.646,41 euros.

Segundo: Abrir o procedemento aberto de licitación para a presentación de ofertas.

O prazo para a presentación das proposicións fíxase en 8 días naturais, prazo suficiente para que concorran quen o desexe en igualdade de condicións e tendo en conta a pouca complexidade e que comporta a formulación das ofertas e que este procedemento foi declarado de urxencia respecto da súa tramitación administrativa.

A documentación para concorrer a este procedemento presentarase a través da Plataforma de Contratación do Sector Público nun (1) único arquivo electrónico. No arquivo electrónico incluírase a documentación administrativa (declaración responsable e demais documentación, de ser o caso) e a proposición económica.